

CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO I”

O sábado, 17 de abril de 2010, ás 19:45 h no Centro Sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos primeiros traballos de investigación que formaron o contido da revista Corga nº 1, co fin de acadar a condición de socio/a numerario/a. Cunha duración aproximada de 15-20 min, o programa dos relatorios foi o que segue:

- “As cifras do concello do Corgo. Análise xeográfica” de Laura FOUZ BACARIZA.
- “Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo” de Xosé Enrique CASANOVA SÁNCHEZ
- “Estudo das sepulturas antropoides altomedievais” de Mario OUTEIRO IGLESIAS.



Presentación do relatorio de Laura Fouz

CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO II”

A presentación de traballos continuou o seguinte sábado, 24 de abril de 2010, ás 19:45 horas, tamén no Centro Sociocultural do Corgo. Os traballos que se presentaron nesta data foron:

- “Jota tres estrelas” de M^a Beatriz PÁRAMO IGLESIAS e Roberto RODRÍGUEZ PÁRAMO.
- “Ánxel Fole e o concello do Corgo” de Rebeca FERNÁNDEZALONSO.
- “A microtoponimia do concello do Corgo” de Alejandra PITAPARDO.
- “A vía romana no concello do Corgo” de Javier GÓMEZ VILA.



Público asistente ao segundo ciclo de conferencias

Os dous ciclos de conferencias resultaron moi interesantes para o público asistente pola calidade dos contidos presentados e pola exposición dinámica e fluída dos relatores. Ao remate das exposicións, as persoas alí presentes tiveron a oportunidade de preguntar e comentar todas as dúbidas que lles xurdiron e os autores contestaron con moito interese de clarificar e resolver as inqedanzas do público.

En definitiva, as dúas primeiras actividades públicas do Centro de Estudos do Corgo, resultaron moi positivas e moi productivas.



Relatores dos ciclos de conferencias (e polo tanto os primeiros socios numerarios do CEC) co Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo e o Alcalde do Corgo

PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de Estudos do Corgo (CEC) realizou a presentación do número 1 da revista Corga, o mércores 2 de xuño de 2010, ás 20:00 h, na Sala que Sargadelos posúe na tenda de Santo Domingo, arroupados polos autores dos artigos



Interventores na presentación da revista Corga en Sargadelos que formaron parte da mesma e unha manchea de persoas interesadas.

A apertura do acto correu a cargo do Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo, Antón Bao Abelleira. Logo a presidenta do CEC,



Público asistente á presentación do número 1 da revista Corga

M^a Consuelo Vázquez Castro, presentou o Centro de Estudos do Corgo, os seus fins e obxectivos e o labor que realiza. O secretario do CEC, Roberto Rodríguez Páramo presentou a revista Corga e en concreto o primeiro número. Por último o autor dun dos traballos que conformaron a revista, Mario Outeiro Iglesias, presentou o seu artigo: *Estudo das sepulturas antropoides altomedievais*.

A revista do CEC foi maquetada por Grafenco e ten como ISSN 2171-6013 e Depósito Legal LU 149-2010. O primeiro número sae cunha tiraxe de 750 exemplares e conta coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.